



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ESPAÑA SALUD DE VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN VENEZUELA.

Santiago de Compostela 20 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Fundación España Salud**, representada neste acto polo Sr. Presidente executivo Francisco González Otero, elixido para o cargo na reunión do Consello de Administración de data 5 de abril de 2006 e con poder suficiente para asinar este convenio.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

TERCEIRO.- En Venezuela residen unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, a data do 1



XUNTA DE GALICIA

galicia

de xaneiro de 2011, é de 44.047 emigrantes galegos. Estes datos confirman a Venezuela como o segundo país estranxeiro onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina.

CUARTO.- A Fundación España Salud é unha entidade sen ánimo de lucro, radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia médica cirúrxica e farmacéutica aos emigrantes españois, en particular aos beneficiarios de pensións-asistenciais, sen prexuízo que a súa acción se estenda a todos os membros da colectividade española y en particular a aqueles que se atopan en situación de carencia. Entre os 6.287 españois residentes en Venezuela aos que da cobertura a Fundación España Salud, 1.236 son de orixe galego.

QUINTO.- O cambio de normativa acerca das entidades mutualistas e organizacións de asistencia sanitaria, realizada pola República Bolivariana de Venezuela no ano 2011, provocou que moitos emigrantes galegos que tiñan subscrita a súa cobertura médica a través de entidades mutualizadas quedaran sen tales coberturas.

Deste colectivo de persoas que non dispoñen da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades, un gran número son galegos.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar coa Fundación España Salud de Caracas para facilitar a cobertura das necesidades socio asistenciais básicas do colectivo de persoas de orixe galego máis necesitadas.

SEXTO.- Así mesmo, en xaneiro de 2013, a Fundación España Salud absorbeu á Fundación Española de Emigrantes Dependentes, constituída o 21 de xuño de 2007, asumindo tamén as súas funcións, que tiñan como obxectivo principal prestar un Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) a persoas con nacionalidade española que se atopasen en situación de dependencia. Este servizo social de carácter público e comunitario, presta, no seu domicilio, unha serie de atencións e/ou coidados de carácter persoal, psico social, educativo, doméstico ou técnico aos individuos e/ou unidades de convivencia que se atopan en situacións nas que non sexa posible a realización das súas actividades habituais de carácter básico, ou en situacións de conflito psico socio familiar para algúns dos seus membros, e tratan de garantir os desexables niveis de vida e convivencia, contribuíndo a que poidan permanecer no seu fogar mentres sexa posible.

A Secretaría Xeral da Emigración, viña concertando convenios de colaboración coa entidade absorbida para prestar axuda a os galegos que se atopaban neta situación, sendo a súa intención que a Fundación España Salud, as continúe prestando.

SÉTIMO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,



CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación España Salud, co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias básicas e a atención domiciliaria a cidadáns galegos residentes en Venezuela, maiores de 65 anos, que non dispoñan de rendas superiores ao subsidio previsto para os beneficiarios residentes en Venezuela, do Seguro Obligatorio de Vejez e Invalidez (SOVI) polo Estado español para 2014 e que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia, necesitan a cobertura das citadas necesidades. Se instrumenta a través da concesión dunha axuda de carácter singular sustentada en razóns de interese público, social e humanitario.

SEGUNDA.- PLAN DE ACTUACION

Para a consecución do obxecto deste convenio a Secretaría Xeral da Emigración colaborará no financiamento do programa de atención sanitaria básica e de asistencia a domicilio dos cidadáns galegos residentes en Venezuela, que non dispoñan de rendas superiores ao subsidio previsto para os beneficiarios residentes en Venezuela, do Seguro Obligatorio de Vejez e Invalidez (SOVI) polo Estado español para 2015 e se atopan en situación de necesidade.

A Fundación España Salud comprométese a prestar ás persoas sinaladas na cláusula primeira a asistencia sanitaria ambulatoria de especialidades e hospitalaria, así como a farmacéutica, nos seguintes termos:

1. Atención ambulatoria especializada:

1.1 Consultas e exames indicados polo servizo de Atención Primaria de Salud (APS) que se atopen incluídos no protocolo anual elaborado pola fundación.

1.2 Consulta para todas as especialidades médicas e cirúrxicas e servizos auxiliares de diagnóstico con profesionais e servizos incorporados ao rexistro de provedores e con prezos máis baixos para o afiliado.

2. Plan de hospitalización e cirurxía:

2.1 Cobertura: Bs. 65.000 por afiliado e ano-calendario

2.2 Conceptos amparados:

2.2.1 Atención por emerxencia a través de unha empresa que outorga claves de acceso por emerxencias debidamente aprobadas pola APS.

2.2.2 Os derivados de conceptos hospitalarios comúns (emerxencias, hospitalización, procedementos especiais hospitalización, procedementos especiais ambulatorios, quirófano e honorarios profesionais)



XUNTA DE GALICIA

2.2.3 Dedución inicial de Bs 500 que se aplicará a todos os casos que acudan por emerxencia sen autorización previa da APS e será recoñecido con posterioridade se o sinistro é considerado procedente pola APS a través da Inspección Sanitaria. No caso de non considerarse procedente o sinistro, o afiliado deberá facerse cargo do total da factura.

3. Prestación de asistencia farmacéutica.
4. Prestación de asistencia funeraria.
5. Prestación de servizo de axuda a domicilio (SAD).

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS.

Os destinatarios destes programas serán as persoas de orixe e vinculación con Galicia con nacionalidade española e residentes en Venezuela, maiores de 65 anos, que carezan de tales coberturas e de recursos suficientes. Entenderase como falta de recursos non dispoñer de rendas superiores ao subsidio previsto para os beneficiarios residentes en Venezuela, do Seguro Obligatorio de Vejez e Invalidez (SOVI) polo Estado español para 2015.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. A **Secretaría Xeral da Emigración** achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio, un total de **sesenta mil euros (60.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. A dita contía estará destinada a sufragar os gastos correntes xerados pola realización da actividade prevista e polo custo das cotas con entidades prestadoras de tales servizos aos beneficiarios de este convenio.

2. A **Fundación España Salud** asegurará a realización das prestacións establecidas no presente convenio, para o que se compromete a:

- Dotarse persoal especializado necesario para consecución da finalidade deste convenio.
- Desenvolver o programa de actuacións obxecto do convenio nos termos establecidos nel, e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

QUINTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, procederase a efectuar en concepto de **pago anticipado**, unha primeira entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **dezaioito mil seiscientos euros (18.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Logo da xustificación do pagamento anticipado, poderanse realizar pagamentos fraccionados á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base ao disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non superarán o 80% da subvención concedida.



XUNTA DE GALICIA

O importe da axuda restante, librarase no momento no que o beneficiario xustifique, na súa totalidade, o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda mediante a presentación da conta xustificativa que conterá a seguinte documentación e información:

1. Xustificación documental:

- Escrito do presidente, ou representante legal da entidade, dirixido a Secretaría Xeral da Emigración, no que se solicite o ingreso da contía pendente, expresando ter cumpridos os obxectivos que deron lugar o convenio.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estas declaracións deberán presentarse así mesmo, antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento.

2. Xustificación técnica:

- Memoria comprensiva da execución do programa, con indicación das actividades realizadas e coa relación dos beneficiarios atendidos con cargo a este convenio pola Fundación España Salud. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe dos beneficiarios, así coma o tipo de prestación efectuada. A Fundación España Salud deberá ter a disposición da Xunta de Galicia a documentación que acredite a orixe e a condición de galego de cada unha das persoas incluídas no programa.

3. Xustificación económica:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, ou no seu caso, documentación acreditativa das cotas mensuais condonadas a os beneficiarios, con expresión individual do crédito destinado a cada un, que posibilitaron as coberturas e atencións obxecto deste convenio.

- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de



XUNTA DE GALICIA

galicia

escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2016.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.



XUNTA DE GALICIA

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- COMISION DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMA.- RELACION LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.



XUNTA DE GALICIA

galicia

As persoas asinantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- REXIME XURIDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2016, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN,

Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN
ESPAÑA SALUD,

Francisco González Otero